



## DESTINATARIO

MEMBROS DA CORPORACIÓN

## NOTIFICACIÓN

En virtude do ordenado por ALCALDÍA, poño no seu coñecemento que con data 08-05-2024 foi ditada a seguinte RESOLUCIÓN con número 235/2024:

### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto: CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 13.05.2024**

No uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** CONVOCAR sesión **extraordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **13 de maio de 2024 ás 20:00 horas**. De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

**Segundo.-** Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto.

**Terceiro.-** Incluír na Orde do Día da devandita sesión o seguinte asunto:

### ORDE DO DÍA

#### **1. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES Ó CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO DO 9 DE XUÑO DE 2024**

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde accidental, José Antonio Rodríguez Arribe, do que eu, María del Mar Antón Brage, como Secretaria accidental, dou fe.”

### RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá Vd. interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle notificara resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, e poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ao de aquel en que se produza o acto presunto ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Para tales efectos poderá Vd. interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, poderá Vd. utilizar calquera outro recurso que considere pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

**Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.**

A Secretaria accidental

María del Mar Antón Brage



Enterados da precedente convocatoria e orde do día:

CARMELA PRIETO CAL

JESÚS ROMERO CARRACELAS

LUCÍA PICOS ANEIROS

ISMAEL DURÁN BEREIJO

XULIO CRIBEIRO GARCIA

PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ

MARÍA LUZ LEONARDO ANEIROS

OLGA IGLESIAS BEREIJO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

NOEL LÓPEZ LÓPEZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ